

| Código do posto | Denominación | Forma prov. | Grupo | Categoría | Titulación académica | Formación específica | Complemento singularidade | Observacións |
|-------------------------|-------------------------------|-------------|-------|-----------|----------------------|----------------------|---------------------------|-----------------------|
| PE.C99.40.301.36560.105 | AXUDANTE DE COCIÑA | C | V | 1 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.106 | AXUDANTE DE COCIÑA | C | V | 1 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.110 | CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A | C | V | 1 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.111 | CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A | C | V | 1 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.112 | CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A | C | V | 1 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.113 | CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A | C | V | 1 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.116 | PASADOR DE FERRO-LAVANDEIRO/A | C | V | 1 | | | | |
| PE.C99.40.301.36560.117 | PASADOR DE FERRO-LAVANDEIRO/A | C | V | 1 | | | | |
| PE.C99.40.301.36560.118 | PASADOR DE FERRO-LAVANDEIRO/A | C | V | 1 | | | | |
| PE.C99.40.301.36560.121 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.122 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.123 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.124 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.125 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.128 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.129 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.130 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |
| PE.C99.40.301.36560.131 | LIMPADOR/A-FREGADOR/A | C | V | 11 | | | | RÉXIME QUENDAS // B14 |

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS

2019 ENXEÑARÍA

2021 LIC. BIOLOXÍA

2025 LIC. CIENCIAS DO MAR

2033 LIC. MEDICINA

2035 LIC. QUÍMICA

2037 LIC. VETERINARIA

2062 LIC. DEREITO

2087 LIC. XEOGRAFÍA

3010 ENXEÑERÍA TÉCNICA TOPOGRÁFICA

3038 CAPITÁN DE PESCA

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS

012 EXPERIENCIA XESTIÓN NÓMINAS (MÉRITO).

013 EXPERIENCIA EN HABILITACIÓN (MÉRITO).

020 COÑECEMENTOS INFORMÁTICA NIVEL USUARIO (MÉRITO).

030 COÑECEMENTOS INGLÉS (MÉRITO).

069 EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE PERSOAL (MÉRITO).

073 EXPERIENCIA XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA (MÉRITO).

087 FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE ALIMENTARIA E INSPECCIÓN (MÉRITO).

108 TITULACIÓN PROFESIONAL DE MECÁNICO NAVAL MAIOR OU MECÁNICO NAVAL DE PRIMEIRA OU CALQUERA OUTRA TITULACIÓN NÁUTICA QUE TEÑA ATRIBUCIÓNS PROFESIONAIS DE DESPACHO DE BUQUES CON POTENCIA MOTRIZ IGUAL OU SUPERIOR ÁS ANTERIORES (R.L.).

109 TITULACIÓN PROFESIONAL DE PATRÓN DE PESCA DE ALTURA OU PATRÓN MAIOR DE CABOTAXE OU CALQUERA OUTRA TITULACIÓN NÁUTICA QUE TEÑA ATRIBUCIÓNS PROFESIONAIS DE DESPACHO DE BUQUES IGUAL OU SUPERIOR ÁS ANTERIORES (R.L.).

111 TITULACIÓN PROFESIONAL DE MARIÑEIRO PESCADOR OU CERTIFICADO DE COMPETENCIA DE MARIÑEIRO OU EQUIVALENTE (R.L.).

203COÑECEMENTOS ESTADÍSTICA (MÉRITO).

531 LCDO. EN BIOLÓXICAS / CIENCIAS DO MAR (MÉRITO).

605 EXPERIENCIA INVESTIGADORA SUPERIOR A DOUS ANOS EN ACUICULTURA (R.L.).

606 EXPERIENCIA INVESTIGADORA SUPERIOR A DOUS ANOS EN PATOLOXÍA (R.L.).

607 EXPERIENCIA INVESTIGADORA SUPERIOR A DOUS ANOS EN RECURSOS MARIÑOS (R.L.).

610 EXPERIENCIA EN ACUICULTURA (MÉRITO PREFERENTE).

611 EXPERIENCIA EN AMBIENTE MARIÑO (MÉRITO PREFERENTE).

612 CURSO DE ESTADÍSTICA OFICIAL IMPARTIDO POLA CC.AA. (MÉRITO PREFERENTE).

640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.L.).

641 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE INICIACIÓN DE GALEGO (R.L.).

698 ESTAR EN POSESIÓN DO TÍTULO DE MERGULLADOR INSTRUTOR PROFESIONAL E A ESPECIALIDADE SUBACUÁTICA DE INSTALACIÓNS E SISTEMAS DE MERGULLO (R.L.).

699 ESTAR EN POSESIÓN DA ESPECIALIDADE EN MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA (R.L.).

713 CURSO DE FORMACIÓN DE FUNCIONARIOS DA CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA PARA O RECOÑECEMENTO DAS ESPECIES, ARTES E INSTALACIÓNS OBXECTO DE PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS POR INSTANCIA DE PARTE (MÉRITO).

714 EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE EXPEDIENTES DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS. EXPERIENCIA EN TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO E XESTIÓN ORZAMENTARIA. EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE FONDOS ESTRUTURAIIS COMUNITARIOS (MÉRITO).

715 EXPERIENCIA EN XESTIÓN E TRAMITACIÓN DE PROCEDEMENTOS DE OUTORGAMENTO DO USO DO DOMINIO PÚBLICO (MÉRITO).

716 EXPERIENCIA EN PROCEDEMENTOS DE REORDENACIÓN DE ESTABLECEMENTOS DE ACUICULTURA MARIÑA OU DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA (MÉRITO).

717 EXPERIENCIA MÍNIMA DE DOUS ANOS EN PROGRAMAS DE CONTROL E TÉCNICAS DE ANÁLISE DE MICROBIOLOXÍA E PATOLOXÍA DE MOLUSCOS E PEIXES (R.L.).

720 ESPECIALIDADE DE MERGULLO DE «INSTALACIÓNS E SISTEMAS DE MERGULLO» (R.L.). TÍTULO DE «OPERADOR DE CÁMARAS HIPERBÁRICAS» (MÉRITO).

779 FORMACIÓN SEGUNDO MATERIA (R.L.).

822 EXPERIENCIA TRAMITACIÓN NÓMINAS, XESTIÓN DA SS.SS. E MANEXO BASES DE COTIZACIÓN (MÉRITO).

911 CERTIFICADO DE ESPECIALIDADE MARIÑA MERCANTE: FORMACIÓN BÁSICA (R.L.).

920 COÑECEMENTOS ESTRUCTURAS PRODUCCIÓN PESQUEIRA (MÉRITO).

940 EXPERIENCIA CULTIVOS MARIÑOS (MÉRITO).

954 PERMISO CONDUCIR B (R.L.).

955 COÑECEMENTOS INDUSTRIAS PESQUEIRAS (MÉRITO).

957 AXUDANTE SECCCIÓN BIBLIOTECAS (R.L.).

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.

AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.

CÓDIGO - DESCRICIÓN TIPOS DE ADMINISTRACIÓN

ETG ESPECIAL (ESCALA TÉCNICA DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA)

EEG ESPECIAL (ESCALA EXECUTIVA DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA)

EAG ESPECIAL (ESCALA DE AXENTES DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA)

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS

B10 COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.

B14 COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN.

B18 COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE.

(*) Pendente crear categoría

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 12 de abril de 2011 pola que se convocan as Xornadas sobre o proceso electoral e renovación das entidades locais galegas.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2011 e

de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse, en colaboración coa Dirección Xeral de Administración Local, as Xornadas sobre o proceso electoral e renovación das entidades locais galegas, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Poñer en coñecemento dos técnicos e empregados municipais das entidades locais galegas as novidades na lexislación sobre réxime electoral local que sofren importantes modificacións nesta convocatoria (mocións de censura, igualdade de xénero nas listas, novo censo electoral...). Así mesmo, afondar no procedemento electoral completo que vai desde a convocatoria das eleccións ata a constitución das corporacións e elección do alcalde.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Análise das novidades introducidas na materia polas leis orgánicas 2/2011 e 3/2011, do 28 de xaneiro. Difusión das novidades na doutrina da Xunta Electoral Central desde o ano 2007. Fases do proceso electoral.

-A administración electoral: composición, funcións e constitución. A actividade municipal durante o proceso electoral: obrigas legais e colaboración administrativa. Funcións do secretario como delegado da Xunta Electoral de Zona.

-O goberno local en funcións: actos de administración ordinaria. Actuacións previas á constitución da nova corporación. Constitución do concello e elección de alcalde.

-Autoorganización da corporación: órganos necesarios e órganos complementarios. Acordos de goberno, administración e delegación. Aspectos xurídicos e económicos.

-Estatuto dos membros da corporación e grupos políticos: especial referencia aos concelleiros non adscritos. Modificacións sobrevidas da corporación.

-Problemas prácticos na renovación das entidades locais galegas.

3. Destinatarios.

Empregados públicos das entidades locais galegas e demais persoal afectado polo procedemento electoral e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Estas xornadas desenvolveranse na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) os días 4 e 5 de maio de 2011.

Duración: 10 horas lectivas, en horario de mañá e tarde o día 4 e en horario de tarde o día 5.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedar prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

-As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o día 2 de maio de 2011.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento destas xornadas, así como a facultade de cancelalas se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Entregarase un certificado de asistencia, ao final das xornadas, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa o contido, a data e o lugar de realización das xornadas.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega
de Administración Pública

FOLLA DE INSCRICIÓN

| | | |
|----------------|------|-----|
| 1. SOLICITANTE | | |
| Apelidos | Nome | DNI |

| | | | | | |
|--------------------------------------|-------------------------------|------------|-----------|-----------|-------|
| 2. DATOS PROFESIONAIS | | | | | |
| Posto de traballo/Profesión | Corpo, subgrupo ou escala (1) | | | Nivel (2) | |
| Entidade en que presta servizos: (3) | | | | | |
| Enderezo do posto de traballo: Rúa | Nº | Localidade | Provincia | CP | Tfno. |
| Correo electrónico: | | | | | |

| | | | | | |
|---|--|--|--|--|--|
| 3. ACTIVIDADE SOLICITADA | | | | | |
| Solicita asistir ás Xornadas sobre o proceso electoral e renovación das entidades locais galegas que se desenvolverán na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) os días 4 e 5 de maio de 2011. | | | | | |
| Sinatura, | | | | | |
| de..... de 2011 | | | | | |
| Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) | | | | | |

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

Director da EGAP. Polígono das Fontiñas, r/ Madrid, 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 12 de abril de 2011 pola que se resolve parcialmente a convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 2 de febreiro de 2011.

Por Orde do 2 de febreiro de 2011, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 29, do 11 de

febreiro, convocouse a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de traballo vacantes na Consellería de Facenda que se detallan no anexo desta orde.

De conformidade co establecido nos artigos 17º.4 e 29º.2 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e, no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, que aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e